



Concello de Cervantes

Expediente núm.: 2023/2024

Resolución de alcaldía con número e data establecido á marxe.

Procedemento: Corrección de erro. Aprobación de convocatoria e bases reguladoras que rexerán a selección de persoal para a formación dunha Bolsa de emprego para o servizo de prevención e defensa contra incendios forestais, nas categorías profesionais de: xefe de brigada prevención e defensa contra incendios forestais, peón-condutor brigada prevención e defensa contra incendios forestais, peón brigada prevención e defensa contra incendios forestais e condutor de vehículo motobomba, así como o seu funcionamento.

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Logo de ver o Acordo da Xunta de Goberno Local de data 13/06/2024, mediante o que se aproba a convocatoria e bases reguladoras que rexerán a selección de persoal para a formación dunha Bolsa de emprego para o servizo de prevención e defensa contra incendios forestais, nas categorías profesionais de: xefe de brigada prevención e defensa contra incendios forestais, peón-condutor brigada prevención e defensa contra incendios forestais, peón brigada prevención e defensa contra incendios forestais e condutor de vehículo motobomba, así como o seu funcionamento.

Advertido un erro na denominación da modalidade de contratación, resulta necesario proceder á súa rectificación. Dita corrección mantén a liña establecida nos anteriores procesos de selección levados a cabo para cubrir postos de traballo nas mesmas categorías profesionais, con motivo da sinatura dos convenios de colaboración coa Consellería do Medio Rural para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais. Esta corrección non modifica substancialmente as bases nin a convocatoria, e tampouco afecta aos prazos establecidos na mesma, polo que terá tan so efectos a nivel administrativo na organización interna do servizo no momento de poñelo en marcha.

Tendo en conta o establecido no Artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, reguladora do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas: *“Las Administraciones Públicas podrán, asimismo, rectificar en cualquier momento, de oficio o a instancia de los interesados, los errores materiales, de hecho o aritméticos existentes en sus actos.”*

Logo de ver que a Xunta de Goberno Local é o órgano de competente para a aprobación das bases de selección de persoal, en virtude da delegación de atribucións efectuada mediante Resolución de 5 de xullo de 2023 (B.O.P. núm. 176, de 02/08/2023).

Tendo en conta que o servizo debe estar en activo con data límite do 31 de xullo do presente ano, dada a urxencia do asunto, e en virtude do exposto anteriormente, pola presente,

RESOLVO

PRIMEIRO.- Avocar a competencia previamente delegada na Xunta de Goberno Local para o caso específico que nos ocupa, con base no disposto no artigo 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, tendo en conta a urxencia na tramitación do expediente.





Concello de Cervantes

SEGUNDO.- Corrixir o erro detectado nas Bases de convocatoria, do seguinte xeito:

No Anexo I, onde di:

“ANEXO I

BASES REGULADORAS QUE REXERÁN A SELECCIÓN, MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN E EN RÉXIME DE FUNCIONARIO/A INTERINO/A, DE PERSOAL PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA O SERVIZO DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, NAS CATEGORÍAS PROFESIONAIS DE: XEFE DE BRIGADA PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, PEÓN-CONDUTOR BRIGADA PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, PEÓN BRIGADA PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS E CONDUTOR DE VEHÍCULO MOTOBOMBA, NO CONCELLO DE CERVANTES.”

Debe dicir:

“ANEXO I

BASES REGULADORAS QUE REXERÁN A SELECCIÓN, MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN E EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL, DE PERSOAL PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA O SERVIZO DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, NAS CATEGORÍAS PROFESIONAIS DE: XEFE DE BRIGADA PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, PEÓN-CONDUTOR BRIGADA PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, PEÓN BRIGADA PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS E CONDUTOR DE VEHÍCULO MOTOBOMBA, NO CONCELLO DE CERVANTES.”

Na Base SEGUNDA, onde di:

“SEGUNDA. MODALIDADE.

- a) *Réxime: funcionario interino, en calquera das modalidades previstas no Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, así como na Lei 2/2015 de 29 de abril de Emprego público de Galicia.”*

Debe dicir:

“SEGUNDA. MODALIDADE.

- b) *Réxime: persoal laboral, baixo a modalidade de contratación laboral temporal, segundo o establecido no Convenio asinado coa Consellería do Medio Rural.”*

SEGUNDO.- Ordenar a publicación desta resolución na sede electrónica do concello e no taboleiro de edictos do Concello.

TERCEIRO.- Dar conta desta Resolución á Xunta de Goberno Local na próxima sesión que se celebre.

Mándao e asíno o Sr. Alcalde, D. Benigno Gómez Tadín, en Cervantes, na data da sinatura electrónica á marxe; do que eu, Diego Gontá Novo, como secretario – interventor, dou fe.

Documento asinado de forma electrónica.

